

CIRCULAR INFORMATIVA DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR PARA O CURSO 2016-2017

Seguindo o disposto na instrución 2/2016 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e O.U, publicada o pasado 1 de xuño , informamos:

Solicitudes

Xa se poden recoller no centro as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2016/17. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou en todo caso todo aquel alumnado que leve escolarizado mais dun ano no colexio.

Documentación :

1. Autodeclaración (Anexo VI). (A recoller no centro coa solicitude)

Excluídos de presentar a autodeclaración:

- Familias en situación de exclusión social
- Alumnos/as en acollemento.
- Alumnos/as con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Alumnos/as pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

Número de prazas concedidas: 70

Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnos usuarios no curso anterior.
2. Alumnos en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Familia numerosa.
4. Incompatibilidade polo horario laboral.
5. Alumando que solicita por primeira vez e ten irmáns usuarios no centro.

Prazos:

Entrega de solicitudes: dende o 8 de xuño ata o 28 de xuño ambos os dous inclusive.

Publicación lista provisionais admitidos: 4 de xullo.

Reclamacións: ata o 11 de xullo inclusive.

Publicación lista definitiva: 15 de xullo

Importante: Causa de baixa no servizo

Pódese causar baixa por:

Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularicen os pagos pendentes.

Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección. Baixa automática.

Narón 7 de xuño de 2016

O Director.